

Resolución do 19 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria para a contratación dun estudio sobre o sector da distribución polo miúdo de base alimentaria en Galicia dende o punto de vista da competencia.

En virtude das facultades conferidas na vixente normativa de contratación, anúnciase a licitación dun contrato menor de consultaría e asistencia suxeito ás seguintes bases:

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC).
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.
- c) Enderezo: Centro Comercial Área Central, 1º andar, local 34.
- d) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.
- e) Teléfono: 981 95 75 68.
- f) Fax: 981 95 75 60.
- g) Nº de expediente: 2/07.

2. Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto: Realización dun estudio sobre o sector da distribución polo miúdo de base alimentaria en Galicia dende o punto de vista da competencia.
- b) Prazo de execución: máximo de seis meses dende a adxudicación do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto
- c) Forma de adxudicación: contrato menor de consultaría e asistencia.

4. Orzamento base de licitación: 10.000 euros (IVE incluído).

5. Forma de pago: Unha vez entregado o estudio, despois da presentación da factura xustificativa.

6. Garantía provisional: Non se esixe.

7. Requisitos específicos do contratista.

- a) Clasificación: non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira e capacidade para contratar: de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación: ata as 14:00 h do 13 de abril de 2007.
- b) Documentación que hai que presentar: oferta-presuposto no que se detallará
 - datos da empresa, organismo ou equipo investigador
 - persoas que desenrolarán o estudio, titulacións académicas e profesionais.

- experiencia do equipo investigador
 - outros estudos ou servizos realizados nos últimos 3 anos.
 - métodos de estudio
 - outra documentación
- c) Lugar de presentación: no rexistro do TGDC, das 9.00 ás 14.00 horas. No caso de que as proposicións se envíen por correo, haberá que aterse ao disposto no artigo 80.4º do Regulamento Xeral de Contratación das Administracións Públicas.

9. Gastos de anuncio no DOG: por conta do adxudicatario.

10. Especificacións técnicas:

- a) Identificación dos operadores participantes e das características económicas do sector, reflectindo os aspectos de oferta e demanda dos servizos de distribución polo miúdo de base alimentaria en Galicia, en particular, o grao de concentración do mercado e a estabilidade das cotas de mercado no tempo.
- b) Análise desagregada da concentración e do poder de mercado nas distintas áreas xeográficas dos mercados relevantes (provinciais, metropolitanas, comarcais e locais).
- c) Regulacións que afecten ao mercado e tipos de contratos, no seu caso.
- d) Integración vertical.
- e) Sistemas de fixación de prezos.
- f) Impacto cara atrás do poder de mercado das plataformas de compra das grandes cadeas de distribución polo miúdo nos sectores de cooperativas e SAT nos canais de radio corto e naqueles outros nos que existan dificultades para acceder aos canais de radio longo.
- g) Identificación das posibles barreiras á entrada no mesmo.
- h) Posibles prácticas restritivas da competencia e incentivos existentes ás mesmas na distribución polo miúdo de base alimentaria en Galicia.

11. Criterios de selección:

- Experiencia do equipo investigador na materia.
- Prazo de execución.
- Prezo


12. Presentación do estudio e dereitos de Propiedade Intelectual:

O estudio deberá ter versión en galego e en castelán. Cada versión presentarase en papel (cinco exemplares debidamente encadernados de cada idioma) e mais en formato electrónico.

O TGDC adquirirá os dereitos de reprodución por calquera medio, da totalidade ou parte do estudio elaborado pola adxudicataria, coa obriga de citar a autoría do mesmo.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2007

O presidente,



José Antonio Varela González